(García Sabell)

11-V-76.

Querido Luis: Aledoume moito que as páxinas do meu Xornal -que ti escoitaras en Arenas- foran, agora, do teu gusto. Como outras moitas sobor de ti, aínda inéditas, foron escritas con absoluta sinceridade - e entrañable emoción.

Respecto ás "Figuracións", penso que debes seguir. Non importa que os retratados sexan persoas alleas. Sempre interesan, e o ambente que eu recollo non é, nin moito menos, de cansacio. O que importa é elexir ben, e polo momento non vin ningunha figura anodina. Noutras verbas: a Sección está viva. Compre, pois, non matala.

Eiquí audivemos - e quedamos moi conmovidos co pasamento de don Ramón. O enterro foi un es-

pectáculo impresionante da forza galega e de unanimidade patriótica. Xa che contarei.

É estupendo que teñas tanto traballo - e tanto éxito. Pro o que a min me gustaría é que volteres axiña. Temos moito que facer. Polo pronto, o libro encol de Santiago, que eu penso escribir tan pronto como nos reunamos. Anímate, e apresura o regreso.

Xa teño o número de Prisl.

Na vosa agarda, envío de parte de Elena e miña, fortes apertas para Maruxa e para ti.

Domingo